

EXERCICIOS E ACTIVIDADES DA SECCIÓN 3ª: A RACIONALIDADE E OUTRAS MODALIDADES DE SABER

1. Despois de ler con atención o texto do filósofo español J. Mosterín, contesta ás presuntas que se formulan a continuación:

“A crenza racional ten a vantaxe da súa maior probabilidade de acerto, ao rexeitar moitas das opinións que se nos puidesen ocorrer sen suficiente xustificación e ao introducir un fin ou meta respecto á cal organizar a dinámica das nosas crenzas: a meta de maximizar o noso acerto. Por iso podemos concibir a racionalidade credencial como un método ou estratexia de maximización dos nosos acertos e minimización dos nosos erros a longo prazo... Por moi racionais que sexamos nas nosas crenzas, sempre podemos equivocarnos. Pero a probabilidade de equivocarnos será menor se as organizamos conforme a unha estratexia racional. (...) O home racional aplica a todas as súas crenzas un talante que podemos cualificar de crítico... O crítico sempre está disposto a (e mesmo interesado en) someter o seu ideario a constante revisión, abandonando hipóteses sostidas até entón a favor doutras distintas... O doutrinario pretende manter a doutrina intacta e inmutable; trata de ignorar ou esconder os feitos que se opoñen a ela e disimular as súas posibles insuficiencias internas. O revisionismo, que para o crítico é unha virtude, para o doutrinario é un vicio que conduce á heterodoxia.” (J. MOSTERÍN: Racionalidade e acción humana.)

- a) En que consiste, segundo o autor, a racionalidade das nosas crenzas ou opinións?
- b) Como define e describe o talante racional?
- c) Que é o oposto a un talante racional segundo o autor?

2. Le atentamente estes dous relatos nos que se explica a orixe do Universo e a continuación realiza as actividades propostas:

“Os ceos e a terra eran soamente un e todo era caos. O Universo era como un enorme ovo negro, que levaba no seu interior a P'an-Ku. Tras 18.000 anos P'an-Ku espertouse dun longo sono. Sentiuse sufocado, polo cal empuñou unha machada enorme e empregouna para abrir o ovo. A luz, a parte clara, ascendeu e formou os ceos, a materia fría e turbia permaneceu debaixo para formar a terra. P'an-Ku quedou no medio, coa súa cabeza tocando o ceo e os seus pés sobre a terra. A terra e o ceo empezaron a crecer a razón de dez pés ao día, e P'an-Ku creceu con eles. Logo doutros 18.000 anos o ceo era máis grande e a terra máis grosa; P'an-Ku permaneceu entre eles como un alicerce xigantesco, impedindo que volvesen a estar unidos.

P'an-Ku faleceu e distintas partes do seu organismo, transformáronse en elementos do noso mundo. O seu alento transformouse no vento e as nubes, a súa voz converteuse no trono. Do seu corpo, un ollo transformouse no sol e o outro na lúa. O seu corpo e os seus membros, convertéronse en cinco grandes montañas e do seu sangue formouse a auga. As súas veas convertéronse en camiños de longa extensión e os seus músculos en fértiles campos. As interminables estrelas do ceo apareceron do seu pelo e a súa barba, e as flores e árbores formáronse a partir da súa pel e do fino pelo do seu corpo. A súa medula transformouse en xade e en perlas. A súa suor fluíu como a xenerosa choiva e o doce orballo que alimenta a todas as cousas vivas da terra”.

“O Big Bang, literalmente gran estalido, constitúe o momento en que da "nada" emerxe toda a materia, é dicir, a orixe do universo. A materia, ata ese momento, é un punto de densidade infinita, que nun momento dado “explota” xerando a expansión da materia en todas as direccións e creando o que coñecemos como o noso Universo. Inmediatamente despois do momento da “explosión”, cada partícula de materia comezou a afastarse moi rapidamente unha doutra, da mesma xeito que ao inflar un globo este vai ocupando máis espazo expandindo a súa superficie. Os físicos teóricos lograron reconstruír esta cronoloxía dos feitos a partir dun 1/100 de segundo despois do Big Bang. A materia lanzada en todas as direccións pola explosión primordial está constituída exclusivamente por partículas elementais: Electróns, Positróns, Mesóns, Barións, Neutrinos, Fotóns e un longo etcétera ata máis de 89 partículas coñecidas hoxe en día.

En 1948 o físico ruso nacionalizado estadounidense George Gamow modificou a teoría de Lemaître do núcleo primordial. Gamow expuxo que o Universo creouse nunha explosión xigantesca e que os diversos elementos que hoxe se observan producíronse durante os primeiros minutos logo da Gran Explosión ou Big Bang, cando a temperatura extremadamente alta e a densidade do Universo fusionaron partículas subatómicas nos elementos químicos. Cálculos máis recentes indican que o hidróxeno e o helio serían os produtos primarios do Big Bang, e os elementos máis pesados producíronse máis tarde, dentro das estrelas”.

- a) Trata de establecer qué tipo de saber reflicte cada un dos relatos.
 - b) Sinala en cada texto algunhas das características que son definitorias da modalidade de saber que representa.
-

3. Le atentamente os dous relatos que se ofrecen a continuación e realiza as actividades propostas:

”Ingredientes: 1 home de cera branca, 1 muller de cera branca, raíz de margarida, incenso e xasmín.

A realizar un día de lúa chea. En primeiro lugar acender o incenso. Escribir cunha agulla en cada figura de cera as iniciais das dúas persoas e colocalas cara a cara. Acendelas cun misto de madeira e quentar amodo a raíz de margarida sobre algunha das dúas velas, con coidado de non queimala. Pasar 3 veces a raíz por enriba do fume do incenso dicindo cada vez: “Venus, ti que reinas nos nosos amores, fai que o meu namorado volva. Estou triste e perdido sen a súa presenza, fai que escoite a miña chamada e volva.” Colocar a raíz sobre a túa almofada e deixala aí durante unha semana. Despois gardala xunto cunhas fotos dos dous. As figuras de cera deben deixarse que se consuman totalmente e se houbese restos enterraranse nunha maceta ou no xardín”.

“Nunha paelleira, pochar ou refogar a verdura 5 minutos. Cando estea ben pochada, engadir o peixe, as gambas, e as ameixas. Refogar ben e incorporar o arroz. Move-lo e agregar o caldo. Probar de sal e cando empece a ferver, poñer enriba os lagostinos e deixar cocer 15 minutos a lume suave ata que estea feita”.

- a) Trata de establecer a que tipo de saber corresponde cada texto.
- b) Sinala en cada un dos relatos algunhas das características que son definitorias da modalidade de saber que representa.

4. Ante un fenómeno natural como unha tormenta con grande aparato eléctrico caben actitudes e reaccións moi diferentes. Sinala as reaccións características de cada unha das seguintes concepcións ou modalidades de saber:

- a) Mítico-relixioso.
- b) Filosófico.
- c) Científico.
- d) Máxico.
- e) Tecnolóxico.

5. Le cada un dos textos que veñen a continuación e trata de responder as cuestións propostas:

“Tódolos homes e tódalas mulleres son filósofos; ou, dito doutro xeito: se eles non son conscientes de ter problemas filosóficos, en calquera caso terán prexuízos filosóficos. A maior parte destes prexuízos son teorías que inconscientemente dan por sentadas ou que absorberon do seu ambiente intelectual ou da tradición.

Posto que poucas destas teorías son sostidas conscientemente, constitúen prexuízos no sentido de que son sostidas sen exame crítico, mesmo no caso de que sexan moi importantes para as accións prácticas e para a súa vida enteira.

A existencia da filosofía profesional xustifícase no feito de que os homes necesitan que haxa alguén que examine criticamente esas estendidas e influentes teorías”. (K. Popper)

- a) ¿Qué características da filosofía resalta este texto?
 - b) ¿Cal o valor da filosofía, segundo o autor?
-

“A verdade científica caracterízase pola exactitude e o rigor das súas previsións. Pero estas admirables calidades son conquistadas pola ciencia experimental a cambio de manterse nun plano de problemas secundarios, deixando intactas as últimas, as decisivas cuestións (...) Vemos aquí en clara contraposición dous tipos de verdade: a científica e a filosófica: Aquela é exacta, pero insuficiente; esta é suficiente, pero inexacta. E resulta que esta, a inexacta, é mais radical que aquela” (J. Ortega y Gasset)

- a) ¿Qué características da filosofía resalta este texto?
 - b) ¿Cal é o valor da filosofía, segundo o autor?
-
-

Solucións

- 1. a) O autor define a racionalidade credencial como o método ou estratexia destinado a maximizar a verdade das nosas opinións e minimizar os erros ou opinións falsas.
- b) O talante racional é definido como talante crítico, consistente nunha constante disposición a revisar as propias opinións, e mesmo a cambialas se así o esixiran os datos.

- c) O oposto a un talante racional é o doutrinario ou dogmático que pretende manter intacta a súa doutrina “contra vento e marea”, vixiando e rexeitando todo o que puidera esixir a súa revisión, para evitar así toda desviación ou “heterodoxia”.
2. a) O primeiro relato reflicte un saber mítico; o segundo, pola contra, reflicte un saber científico.
- b) * No primeiro relato aparecen claras as principais características dunha concepción mítico-relixiosa do mundo:
- A Natureza é interpretada en termos antropomórficos, e mesmo animistas: o trono é a “voz”, o sol e a lúa son os “ollos”, a auga é o “sangue”, a choiva e o orballo son a “suor”, etc.
 - As forzas naturais son personificadas: P’an-Ku “abre o ovo” e sostén os ceos separados da terra.
 - A actuación de P’an-Ku é arbitraria e imprevisible: esperta despois de 18.000 anos de soño, a terra e o ceo crecen 10 pés ao día, etc.
- * No segundo relato advértense algunhas das características do saber filosófico-científico:
- Trátase dunha explicación que busca causas puramente lóxicas, por máis que esas causas sexan de orde especulativa: explosión inicial, expansión progresiva, arrefriamento, partículas elementais, elementos simples, elementos máis pesados, etc. Isto significa que a realidade é unha orde (cosmos) regular e necesaria, sometida a principios e leis que a razón humana pode descubrir.
 - Realista: Os principios e leis naturais búscanse na propia realidade natural, mediante conceptos rigorosos e precisos, sen ter que recorrer a relatos lendarios ou alegorías simbólicas..
 - Carácter aberto da teoría que é formulada e revisada continuamente por novos científicos segundo se van tendo máis datos.
3. a) O primeiro relato reflicte un tipo de saber práctico de tipo máxico; o segundo, pola contra, reflicte un saber práctico de tipo técnico.
- b) * Respecto ao primeiro texto, advértense as principais características da maxia:
- Preténdese dominar fenómenos espirituais, mediante procedementos de control que só posúe o mago, e que non poden ser cuestionados por quen non estea iniciado no seu segredo.
 - Os ritos están moi pautados e regulamentados e débense realizar con exactitude.
 - Supón unha concepción mítica do universo, no que dominan forzas invisibles de carácter animado, espíritos, deuses...
- * No segundo relato descríbese uns procedementos técnicos (para preparar unha comida, neste caso) cos seus elementos característicos:

- Descríbense unhas accións regulamentadas para acadar uns obxectivos prácticos que son o produto de ensaios anteriores exitosos.
- Son coñecementos especializados nun eido concreto (a cociña).
- Teñen un carácter público que está ao alcance de quen os queira utilizar, e poden ser mellorados mediante novos ensaios (revisables).

4.
 - a) Encomendarse a Deus, recoñecendo a súa omnipotencia, e pregar misericordia.
 - b) Reflexionar sobre a condición humana e o sentido da existencia e o lugar do ser humano co Cosmos.
 - c) Investigar as causas físicas que provocan as tormentas.
 - d) Rodear a casa de sal e auga bendita e acender unha vela a Santa Rita.
 - e) Instalar un pararraios.

5.
 - a) O texto de Popper resalta a dimensión crítica da filosofía (fronte aos prexuizos e tradicións recibidas).
 - b) O autor atribúe á filosofía unha utilidade para o desenvolvemento dunha vida humana máis racional e consciente.

 - a) O texto de Ortega y Gasset resalta as características de exactitude e rigor da ciencia, fronte as de inexactitude (carácter aberto) e radicalidade da filosofía.
 - b) O valor da filosofía reside en que aborda as cuestións decisivas para a vida humana (as cuestións últimas, fronte ás penúltimas da ciencia).